

## A Xunta dá marcha atrás e manterá as características da proba do talón.

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Mércores, 08 Abril 2015 16:53

---

A Xunta de Galicia deu marcha atrás e manterá as características da proba do talón. Galicia aplicará unha análise de 29 patoloxías no diagnóstico a recém nacidos, anunciou o Sergas, despois da polémica aberta cando asociacións de pacientes e pediatras denunciaron a súa intención de reducilas a unha ducia.

A decisión do Sergas responde ás suxestións dos profesionais para o "deseño do programa de cribado de metabolopatías" e prevé "manter as patoloxías que viñan cribando até agora, incluídas sete indicadas polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade", segundo un comunicado da Consellería de Sanidade. A pediatra Marian Rodríguez Blanco explicou a Radiofusión que "é unha cuestión de filosofía: se temos un sistema que funciona con 40 enfermidades, como se teñen que ser 50, moito mellor".

Lembra que Galicia é unha comunidade pioneira nos programas de cribado neonatal dende 1978 e que conta co CHUS como centro de referencia estatal. O problema de reducir as análises que permiten localizar de xeito precoz nos meniños as doenzas menos frecuentes "é a dificultade de diagnóstico, polo que eses pacientes terán secuelas que lles quedarán de por vida". "A familia á que lle tocan esas enfermidades ten dereito ao diagnóstico máis precoz posible", e por iso Rodríguez Blanco critica que en materia de sanidade pública "os nosos políticos teñen unha visión curtopracista".

A nota indica que incluírá outras vinte e dúas patoloxías e afirma que "a Consellería de Sanidade cumpre desta maneira co obxectivo de manter e mellorar o programa de cribado de metabolopatías neonatales para dar a mellor asistencia sanitaria aos seus pacientes, en traballo conxunto cos seus profesionais".

O pasado 24 de marzo tamén o sindicato CIG-Saúde denunciou que das corenta patoloxías incluídas en Galicia a nenos e nenas na denominada proba do talón, o Sergas pretendía rebaixar a menos dun terzo eses diagnósticos.

O sindicato subliñou que ademais das "sete de obrigado cumprimento" establecidas polo Ministerio, o Sergas pretendía limitar a "cinco máis" ese tipo de diagnósticos, e denunciou que na Consellería "prevalecen" os "criterios economicistas, que van en contra dos obxectivos irrenunciáveis dunha sanidade pública de calidade".

## A Xunta dá marcha atrás e manterá as características da proba do talón.

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Mércores, 08 Abril 2015 16:53

---

Dous días despois, o 26 de marzo, tras o Consello da Xunta, o presidente galego, Alberto Núñez Feijóo e altos cargos do Sergas, aseguraron que as doenzas incluídas na citada proba se reducían para evitar un sobrediagnóstico. Negaron que a decisión tivera que ver con criterios económicos de aforro.

Fonte: [Asociación de Medios en Galego \(AMEGA\)](#)